

*As
misérixias
de Lázaro
de Formes*



A
COMPAÑÍA
DA ALBA

Versión e interpretación:
Carlos Alba "Cellero"

Dirección:
Felipe Santiago

lacompañiadelaalba.com

*As
misérijas
de Lázaro
de Tormes*



“La vida de Lazarillo de Tormes y de sus fortunas y adversidades”, máis coñecido como “El Lazarillo de Tormes”, novela publicada no século XVI, e de autor aínda descoñecido, é unha das obras mestras da literatura española, da que remanece o xénero coñecido como “novela picaresca”, aínda que se distingue das obras posteriores polo seu carácter humanista, a súa crítica social e unha estrutura que a fai moi susceptible de adaptación escénica.

As
miserias
de Lázaro
de Tormes



FICHA ARTÍSTICA E TÉCNICA

Versión e Interpretación: Carlos Alba.
Dirección: Felipe Santiago.

Tradución ao galego: Xavier Frías Conde e Carlos Varela.
Deseño e realización de vestiario: Nati García.
Deseño e técnico de luces: Carlos Dávila.

Cartel: Pedro Díaz / **Realizacións:** Alfonso Bretones (carreta), Obradoiro Légamo (cerámica), Dani Rozada (rabel), Vezos e Costumes (monteira y abarcas) / **Son de rabel e pregón:** Tradicional.

DOUS FORMATOS:
Sala / Itinerante de rúa.

Duración en sala: 1 h. y 15 min. (sen descanso).
Versión para centros educativos (5.º y 6.º Primaria e IES): 60 min. (sen descanso).

Duración en rúa: aproximadamente 60 min., con desprazamentos.
Estrea en rúa (teatro itinerante):
Centro histórico de Oviedo / 23 de xullo de 2018.

Espectáculo estreado en tres lingüas:

Estrea en asturiano: Teatro Jovellanos (Xixón) / 18 de outubro de 2012.
Estrea en castelán: Teatro Filarmónica (Oviedo) / 16 de outubro de 2014.
Estrea en gallego: Auditorio de A Veiga / 4 de outubro de 2015.

www.lacompañiadelalba.com

Teaser



Obra completa



Carlos Alba "Cello" presenta

As miserias de Lázaro de Tormes

Dirección: Felipe Santiago

www.cello.com

Producción: LA COMPAÑÍA DEL ALBA

Taller Légamo

As miserias de Lázaro de Tormes



A VERSIÓN

Perséguese manter o fondo popular do orixinal, e mesmo a beleza da expresión lingüística. Lázaro de Tormes, quen no intre da representación é pregoeiro dos viños do Arcipreste de San Salvador, conta as súas “picardías” coa intención de xustificar a súa vida, facendo de paso un retrato divertido da sociedade da súa época. A comicidade e a complicidade co público están presentes na montaxe, sen descoidar a calidade literaria do texto.

Lázaro, de oficio pregoeiro, é un tipo de palabra fácil e repousada, un “escenificador” natural.

O texto é unha crítica da sociedade española daquela, composta maiormente por clases pasivas: o cego mendicante, o crego, o fidalgo arruinado, o buleiro, o alguacil, o arcipreste...

“Esta montaxe arela transmitir, dun xeito sinxelo e natural, un mundo que aínda recoñecemos catro séculos e medio despois. Achegar ao noso tempo e o noso espazo un texto que, malia a súa popularidá, pode ser un descoñecido”.
Felipe Santiago

**I PREMIO
NEL AMARO
á mellor obra do
Teatro Profesional
Asturiano 2017**



Fotos: René Estébanez



As miserias de Lázaro de Tormes



CRÍTICAS

“O traballo de Carlos Alba sobre o táboas é bárbaro. Aguanta case unha hora e cuarto do monólogo sen perder o pulso interpretativo en ningún momento, e con unha abraiante economía de recursos, dá vida aos personaxes principais da comedia. (...) A interpretación é a de un actor profesional de primeiro nivel e nela nótase o traballo, como director de escena, de Felipe Santiago, un actor afeito aos papeis do teatro clásico español. Neste sentido, hai que destacar a precisión nos xestos, o uso sempre correcto da expresión facial, os cambios no ton da voz e a capacidade de recrear ambientes só coa descrición da que se fai deles - así, pódese imaxinar perfectamente o poste de pedra onde estampa o cego antes de deixalo. Tampouco é unha cousa menor a capacidade de Alba para tanguer o rabel e entoar acompañado por el, como calquera mozo de cego que mereza o nome.

“Carlos Alba fai de Lázaro de Tormes un clásico asturiano”, Henrique Facuriella, El summum.es. 11 de novembro de 2017.

<http://elsummum.es/carlos-alba-fai-de-lazaro-de-tormes-un-clasicu-asturiano/>

“Carlos Alba, un “crack” de la escena que domina las tres cosas fundamentales que debe tener un intérprete para conseguir no solo el aplauso, sino lo más difícil, la atención: cuerpo, voz y emoción”. “Lázaro de Tormes”, Ana Blanco. 20 de octubre de 2014. La Nueva España.



Foto: René Estébanez



As miserias de Lázaro de Tormes



ORIXINALIDADE E FIDELIDADE AO CLÁSICO

- **Equilíbrase a importancia dos tres primeiros amos do Lazarillo:** o Cego, o Crego e o Escudeiro. Noutras versións recórtase moito o referente a este último (quen pode ser realmente o máis actual no seu aspecto crítico) en beneficio do cego.

- **Sublíñase o conflito que estrutura a obra toda:** a relación que ten a muller de Lázaro co arcepreste de San Salvador, que é o motivo de comezar a contar a súa vida. Este conflito corre o risco de perderse ante a sucesión de anécdotas que se contan no seu desenvolvemento, pero estes contos son precisamente un camiño que o personaxe atravesará para alcanzar a súa situación actual. A tensión entre o que cre o personaxe que é, e o que ve o espectador, realmente percorre toda a obra.

- **Mantenemento de elementos lingüísticos e narracións que tirou o autor do Lazarillo da cultura popular e o conto tradicional,** como o caso da “casa escura”, do Tratado III.

- **Desde o punto de vista escénico, afóndase na figura do pregoeiro,** profesión de Lázaro Tormes no intre de narrar a súa vida. O personaxe arrastra un carro, do que tira os elementos que necesita para a representación, e cos que crea os diferentes ambientes da obra. O sentido da sinxela escenografía é, polo tanto, funcional: cada elemento que aparece en escena é usado polo actor e, tamén, nos leva ao mundo do personaxe. Como consecuencia desta premisa escénica, o traballo gaña en dinamismo.

Sen dúbida, máis dunha persoa se preguntará qué achega unha nova adaptación unipersonal do Lazarillo. Por iso, Carlos Alba esforzouse en preparar unha versión que é diferente tanto no seu texto como na cerna da súa xeira escénica. A orixinalidade do espectáculo pódese resumir nos seguintes puntos:

- **Presenza do canto tradicional ao son do rabel e a melopea asociada á profesión de pregoeiro.** Explórase e amplíase, polo tanto, **o uso da voz:** non só coa palabra escénica, senón tamén con melopeas de pregón, **o canto de coplas** e interpretacións dos diferentes personaxes.

Desde a estrea de “Quixote”, e en 2007 “Juglarías / Xograrías” no Festival Internacional de Teatro Clásico de Almagro, a pescuda na xograría como liña de traballo é unha constante na xeira escénica de Carlos Alba.


Tanto o uso da música interpretada en directo ao xeito dos xograres, como o afondamento na figura do pregoeiro como punto de partida escénico, son dúas novidades que engade este espectáculo á xa extensa historia das adaptacións de “El Lazarillo de Tormes”.

As
miserias
de Lázaro
de Formes



TEATRO ITINERANTE

Tamén se ofrece unha versión de rúa, que pode ser mesmo nun escenario fixo ou nun itinerante. Trátase de facer un percorrido parando en tres sitios para contar a historia de Lazarillo. O público segue ao actor, aproveitando que o *atrezzo* é un carro, que crea o espazo escénico en cada localización e dá posibilidades de uso simbólico a través das súas diferentes disposicións e xogo de alturas.



As misérixias de Lázaro de Tormes



IMÁXENES

Fotografía: René Estébanez

É unha adaptación moi divertida.

Refórzase o papel de Lázaro de Tormes como pregoeiro, cunha relación directa có público.

Escenografía funcional e sinxela.



As miserias de Lázaro de Tormes



A
COMPAÑÍA
DA ALBA

Carlos Alba Cellero

www.lacompañiadelaalba.com

Versión e interpretación.

Promotor de *La Compañía del Alba / A Compañía da Alba*

Carlos Alba interpreta os seus espectáculos en galego, castelán e asturiano. No eido da lingua galega, fano mesmo no galego de Asturias como no estándar.

Carlos Alba, promotor da compañía, formouse como actor en Réplika. Academia de Actor, dirixido por Jaroslaw Bielski (1997/2000). Tamén é licenciado en Ciencias da Información por a Universidade Complutense de Madrid. Perfecciona o uso da palabra escénica no teatro da Abadía, no obradoiro «La transmisión do Legado da Abadía» durante o ano 2022.

Nos seus espectáculos de monicreques e de palabra ten colaborado con Alexander Curcic e Olga Zeceva, así como con Felipe Santiago (“Lazarillo”) e Luis Vigil (“La Chupa’l Sebas”). Ten un premio FETEN por a mellor

adaptación do texto (Juan Soldado / Xan Soldado, 2015) e o premio Nel Amaro de teatro Profesional asturiano en tres ocasións (“Lázaro de Tormes / As miserias de Lázaro de Tormes” en 2017, “Les madreñes vacías / As galochas baleiras” en 2022 e “Perendi” en 2024), entre outros premios.

Ademais do teatro, desenvólvese a súa carreira entre a narración oral e a televisión, para a que creou e interpretou a serie infantil “Animalada Xabaz” (Televisión do Principado de Asturias, 2021 e 2024).

Deixou constancia da súa reflexión teórica sobre o teatro, a xograría e a cultura popular en artigos para a Academia da Llingua Asturiana, así como AEDA (Asociación de profesionales de la narración oral en España, www.narraciónoral.es).



As miserias de Lázaro de Tormes



ANEXO PEDAGÓXICO: PARA AFONDAR MAIS NA PROPOSTA

OBXECTIVOS E CONTIDOS

- Achegar ao público o texto do Lazarillo.
- Entreter e divertir cun texto clásico respectando na medida do posible o estilo do autor.
- Interpretar o Lazarillo desde unha tradición escénica popular e xograresca.
- Servir de introdución á tradición escénica do monólogo como fonte da que remanece o teatro, como un actor único que conta unha historia e interpreta varias personaxes.

- Análise implícita da sociedade española do século XVI: mendicidade, pobreza, fame, dominio da Igrexa, a figura do cabaleiro...
- O pregoeiro como figura dramática.

VESTIARIO E ESCENOGRAFÍA

Reproduce a roupa da época, caracterizada polo uso do liño, a la ou a estameña como tecidos, seguindo algúns patróns de formas máis rectas que o actual, e con cores máis mate e preto do natural. Tamén se fai un uso funcional dos elementos do vestiario: corno de pregoeiro, caxato, cobertor... para representar con máis riqueza aos personaxes que poboan o universo do "Lazarillo".

A escenografía está baseada nun carro de madeira que ha a empurrar Lázaro de Tormes a xeito de "animal", que simboliza tamén a súa condición actual de home enganado. Sendo Lázaro no presente escénico pregoeiro de viño, levará dentro do carro un par de peles ou odres. Tamén leva o atrezzo que utilizará para representar os diferentes personaxes que habitan a súa historia: o pau do cego, o tallo, elementos alusivos ao crego e ao escudeiro... A presenza deses obxectos

xustifícase porque o Lázaro de Tormes tamén se encarga de pregoar os obxectos perdidos nas rúas da cidade.

O sentido desta escenografía é funcional, de xeito que cada obxecto que se utiliza está xustificado polo oficio do personaxe. Polo tanto, escenografía e enfoque escénico están indisolúbelmente ligados.

DIRECCIÓN ESCÉNICA

Enmárcase no obxectivo de acadar unha montaxe limpa e de calidade, atractiva pero inserida na tradición interpretativa dos clásicos.

Felipe Santiago é un dos actores habituales da compañía Morfeo Teatro Clásico, e ten dirixido varios espectáculos para Tragaleguas Teatro, compañía que traballa no punto onde se xuntan a tradicións clásica e a popular.

As
misérias
de Lázaro
de Formes



Distribuição

611 22 86 59 (Teresa Denisse)

699 45 98 50 (Carlos Alba)

lacompaniadelalba@gmail.com

www.lacompaniadelalba.com